

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 19 DE MAIO DO 2008.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día deza e nove de maio de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández, estando tamén presente a Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 12 de Maio do dous mil oito (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

1º- Escrito de José Martínez Pereira con DNI 34.528.375-Q con data de RE 12/05/2008 e nº 2943 en relación con “Concurso de pesca” aberto do Ribeiro no que solicita unha axuda económica en relación coa coantía do evento.

Ao estar ausente o Sr. Interventor o Secretario informa de que se non se trata dunha subvención nominativa prevista no presuposto non se pode outorgar de modo directo, sinalando tamén que non dispón de datos para saber se a subvención ten ou non carácter nominativo. A pesares da advertencia do Secretario a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade outorgar unha subvención de 300 euros a Agrupación Deportivo Natural do Ribeiro Sociedade de Pesca e representada por Jesús Martínez Pereira.

2º- Escrito de Antero Docampo Parente con DNI 76.706.343-D actuando en representación de mercantil Residencial Ribadavia, S.A. no que manifesta que se presentaron as modificacións presentadas polo servizo de urbanismo, en particular sobre o control arqueolóxico do terreo (que foi informado favorablemente) polo cal solicita do Concello autorización para retomar as obras.

3º- Escrito de Antero Docampo Parente con DNI 76.706.343-D actuando en representación de mercantil Residencial Ribadavia, S.A. no que manifesta que se presentou un escrito ó 27 de abril de 2008, donde se pon de manifesto a posición sobre o dictamen da Comisión de seguimento do Plano especial de Reforma Interior do casco Histórico, polo cal solicita do Concello se emita o novo informe o respecto das cuestións plantexadas,

determinando o carácter do solo urbano consolidado e as condicións do solar da parcela donde pretende a execución do edificio proxectado.

4º.- Comunicación da Federación de usuarios-consumidores independentes de data 13/05/2008 con nº RE 2978 sobre a selección do concello de Ribadavia entre os ganadores do galardón bandeira verde-municipio responsable nas modalidades da xestión da auga, educación ambiental e participación cidadá, consumo enerxético e contaminación, sendo a entrega de premios ó 2 de xuño do 2008 as 11,00h no Hotel Ritz de Madrid, Plaza da Lealtad nº 7.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade que acuda en representación do Concello de Ribadavia, para recibir o premio Dona Manuela Iglesias Collarte.

5º- Solicitud de Jesús González Fernández de data 12/05/2008 con nº RE 2958 donde solicita unha prórroga para execución das obras no inmovible sito na Estrada do Carballiño nº 42, San Cristovo, con expediente nº 31/01/2007/569-ON/36.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade concederlle unha prórroga de tres meses para o inicio das obras.

6º- Solicitud de **Dona Manuela Rodríguez Torres** con data de RE 18/02/2008 relativa a cambio de titulariedade da sepultura nº 284-T ao seu nome. No expediente consta autorización das herederas da sepultura Dona M<sup>a</sup> Asunción Torres Centrón con DNI 34.587.228-N e Dona M<sup>a</sup> Jesús Tores Centrón con DNI 34.909.163-Q ceden todos os dereitos e obrigacións de dita sepultura a Dona Manuela Rodríguez Torres con DNI 34.528.530-X, sendo esta declaración expresa copia e non constando no expediente orixinal ao respecto.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade autorizar o cambio da titulariedade da sepultura nº 284-T a favor de Dona Manuela Rodríguez Torres que a partir de este momento será responsable do pago destes recibos que se deriven desta ocupación de dominio público sen que en ningún caso esta autorización implique un dereito de propiedade.

7º- Escrito de Dona Rocío Estévez Rodríguez de data 16/05/2008 con nº RE 3057 mediante o que se presenta recurso de reposición en relación con proxecto empresarial iniciativa local de emprego.

O Sr. Carreira Sebio manifesta a súa disconformidade sobre as manifestacións vertidas por Dona Rocío Estévez Rodríguez tanto no referente as súas palabras como respecto dos traballos realizados en relación co proxecto presentado pola afectada, pois entende que estos si que están plenamente xustificadas.

Deliberado sobre o particular, a Xunta de Goberno Local acorda por maioría dos seus membros (e coa abstención do Sr. Collarte Pérez) que se proceda a resolución do Recurso de Reposición presentado pola interesada en tempo e forma.

8º-Solicitud de información urbanística interesada por **Don José Escudero Rodríguez** con domicilio en Rúa Progreso nº22, 5ºB, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 16/05/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Rúa Muñóz Calero(ref catastral 12.34.8-21), a solicitud de Don José Escudero Rodríguez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

9º-Solicitud de información urbanística interesada por **Don José Escudero Rodríguez** con domicilio en Rúa Progreso nº22, 5ºB, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 16/05/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en Rúa Muñóz Calero(ref catastral 12.35.1-07), a solicitud de Don José Escudero Rodríguez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

10º-Solicitud de información urbanística interesada por **Don Antero Vidal Quiroga** con domicilio en A Grova nº30, Ribadavia. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 14/05/2008 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito en A Grova N-120, M.I., a solicitude de Don Antero Vidal Quiroga de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

1.- Escrito da Mancomunidade do Ribeiro de data 14/05/2008 nº RE 3017, no que se constesta escrito da Xunta de Goberno Local do Concello de Ribadavia do 5/05/2008 en relación ao convenio en materia de Residuos Sólidos Urbans e Punto Limpo.

2.- Escrito da Mancomunidade do Ribeiro de data 14/05/2008 nº RE 3019, no que se adxunta convenio debidamente asinado en materia de Residuos Sólidos Urbans e Punto Limpo.

3.- Comunicación da Consellería de Innovación e Industria de data 14/05/2008 e nº RE 3014 polo cal se comunica o seguinte. “ ó amparo do disposto no artigo 4ª.1c) e 2 da LRXPAC de 26.11.92, e coa finalidade de continuar a tramitación do expediente no rexistro de establecementos industriais,-ou no seu caso archiva-lo rogo se digne dar as ordes oportunas a fin de que informe a esta delegación provincial se o citado “taller de reparación de vehículos rama mecánica” está de alta no Imposto de Actividades Económicas”.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dar traslado ó departamento de Tesorería e Intervención este acordo para que realicen as actuacións pertinentes.

4.- Comunicación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte de data 12/05/2008 con nº RE 2934 remitindo fotocopia compulsada da sentenza recaída no proceso Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº de procedemento ordinario, nº 0007957/2004, da Sala do contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, interposto polo propietario, D. Manuel Regueiro Gómez, das fincas nº 151, e 152, afectadas pola obra exp. 33/2003 execución dos polígonos nº 2 e nº 3 do parque empresarial de Ribadavia, no termo municipal de Ribadavia, ós efectos do seu cumprimento.

5.- Comunicación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte de data 12/05/2008 con nº RE 2935 remitindo fotocopia compulsada da sentenza recaída no proceso Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº de procedemento ordinario, nº 0008022/2004, da Sala do contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, interposto polo propietario, D. Daniel Pérez Fernández, das fincas nº 146,182-A, e 188, afectadas pola obra exp. 33/2003 execución dos polígonos nº 2 e nº 3 do parque empresarial de Ribadavia, no termo municipal de Ribadavia, ós efectos do seu cumprimento.

6.- Comunicación da Consellería de Medio Rural de data 13/05/2008 con nº RE 2980 sobre publicación dos plans de prevención de incendios a efectos de presentación de calqueira tipo de alegacións.

7.- Escrito de Deputación Provincial de Ourense de data 16/05/2008 con nº RE 3065 mediante a que se achega copia dunha comunicación remitida pola Asociación nacional de empresarios maioristas do sector videográfico.

## 5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

### CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

“Visto o expediente a nome de **Don Benito Hermida Atrio**, con domicilio na rúa Cervantes nº1, E-3, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa *Tomás de Lemos nº4, C/V acceso Castelo*, desta Vila, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 2.079,45 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 1.559,59 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

### XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº3/08.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº3 /08, por importe de 88.240,77 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

### RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL.

Advertido o erro no punto 5º da Xunta de Goberno Local do 21 de Abril do 2008, en base as previsións do artigo 105 da Lei 30/92 propónse á Xunta de Goberno á rectificación de erro material de xeito que onde dí :

“a Xunta de Goberno Local, acorda conceder unha bonificación nos tributos locais participando na iniciativa local de Emprego representada por **DONA MARIA ELENA ROMERO RODRIGUEZ E DONA MARIA DEL CARMEN CASTRO RIAL**, do proxecto empresarial A CASIÑA DO NENO (XOGOTECA), e continua-la tamitación do devandito expediente.”

#### Debe decir:

“a Xunta de Goberno Local, acorda conceder unha bonificación nos tributos locais participando na iniciativa local de Emprego representada por **DONA VERONICA ARAUJO MEIRIÑO**, do proxecto empresarial A CASIÑA DO NENO (XOGOTECA), e continua-la tamitación do devandito expediente.”

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade proceder a rectificación do erro material advertido.-

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO